

Contas?

Bases do I Concurso de microrrelatos en Facebook Facultade de Humanidades Universidade de Santiago de Compostela 2016

Obxectivos

1. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Humanidades da USC, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, convoca o **I Concurso de microrrelatos a través de Facebook** cos seguintes obxectivos:
 - Promover o uso do galego como vehículo para a creatividade dos estudantes da USC, co apoio das novas tecnoloxías.
 - Fomentar os dotes literarios do alumnado da USC.

Participación

2. Poderá concorrer a este concurso calquera membro do alumnado da USC durante o curso 2015-2016, que sexa seareiro do Facebook da Facultade de Humanidades mediante a opción “Gústame”.
3. Para participar cómpre pegar no muro de Facebook da Facultade de Humanidades (www.facebook.com/fdehumanidades) un microrrelato en lingua galega entre o 1 de marzo e o 1 de abril de 2016, ambos os días incluídos, xunto co cancelo #MicrorrelatosHumanidades2016.
4. Os textos, que deberán ser orixinais, terán como tema o feito de contar; deberán contar cun título e terán unha extensión máxima de 100 palabras (descontados o título e o cancelo).

Premios

5. Establécese un premio de 200 euros para o microrrelato gañador segundo o xurado, e un premio do público, de 100 euros, para aquel microrrelato que máis “gústame” consiga ata as 14 horas do día 8 de abril.
6. Ao rematar o prazo de presentación, a Facultade fará pública a relación dos títulos admitidos/as no concurso, a composición do xurado do certame, así como calquera outro extremo que xulgue de relevo, nos taboleiros do centro, no muro do Facebook da Facultade.
7. Un xurado, composto por unha profesora ou profesor da Facultade de Humanidades, unha persoa designada polo Servizo de Normalización Lingüística do Campus e unha persoa de fóra da USC, emitirá o seu ditame verbo do primeiro premio durante o mes de abril.
8. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Humanidades poñerá en contacto coas persoas gañadoras mediante unha mensaxe privada a través do Facebook da Facultade para solicitarlle que lle achegue unha copia dixital do seu DNI, co obxecto de acreditar a súa identidade e poder comprobar a súa pertenza ao alumnado da USC, para o cal a persoa premiada dispoñerá do prazo máximo dunha semana. De non o facer, decaerá na súa condición de premiado/a, que recaerá sucesivamente no autor ou autora dos seguintes microrrelatos seleccionados polo xurado.

9. O xurado poderá declarar o premio deserto.
10. A Facultade de Humanidades poderá organizar un acto de entrega de premios.
11. A Facultade de Humanidades resérvase o dereito de publicar, en edición electrónica, unha selección dos relatos presentados.

Condicións

12. Os autores/as son os únicos responsables do contido dos textos.
13. A organización poderá levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o que comunicará no seu muro de Facebook.
14. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.
15. Este concurso non está patrocinado, nin avalado nin administrado por Facebook, polo que a dita rede está libre de calquera responsabilidade neste certame.